

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A REHABILITACIÓN DA CAPELA DA VIRXE DE GUADALUPE

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Mondoñedo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Mondoñedo para a rehabilitación da Capela da Virxe de Guadalupe.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que entre os obxectivos do Concello de Mondoñedo están o desenvolvemento do turismo dentro do concello de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; a potenciación do turismo como factor de crecemento económico, a



valorización dos recursos turísticos e o fomento do turismo como instrumento de reequilibrio territorial.

Este concello, consciente da gran importancia e da gran responsabilidade que leva xestionar adecuadamente os espazos naturais así como os elementos do patrimonio tradicional e cultural de Mondoñedo, dirixe os seus esforzos cara a conservación, divulgación e posta en valor dos recursos presentes no concello. É por isto polo que se promove unha actuación dirixida á posta en valor turístico dun dos elementos de interese existentes no concello: a capela da Virxe de Guadalupe.

Terceiro.- A peregrinación a Santiago de Compostela é unha tradición milenaria que se ten recuperado nos últimos anos como referente cultural e turístico.

O Camiño Norte é un dos camiños máis concorridos que levan a Santiago de Compostela, xunto co Camiño Francés, a Ruta da Prata e o Camiño Inglés. Esta ruta comezou a adquirir relevancia na Idade Media cando as peregrinacións marítimas atoparon o seu apoxeo. O camiño transita pola costa asturiana e entra en Galicia pola ría de Ribadeo, na provincia de Lugo. O camiño percorre por terras galegas un total de 189 km.

O Camiño do Norte foi recoñecido en 2015 como Patrimonio de Humanidade pola UNESCO, o máximo recoñecemento que pode recibir un ben cultural. Ademais do patrimonio arquitectónico, neste camiño atópanse paisaxes consideradas Reserva da Biosfera.

Cuarto.- A Ermida da Virxe da Guadalupe (s. XVIII), de planta rectangular, sancristía na parte dereita e espadana simple sobre a entrada principal, está edificada ao pé do Camiño de Santiago, no núcleo do Grove, parroquia de Vilamor.

Dela cabe destacar que conserva, no Altar Maior, un retablo barroco con imaxinería da época. Este, de menor tamaño que o resto da nave central, está sobre elevado con respecto ao resto da construción.

A diocese de Mondoñedo-Ferrol, propietaria en pleno dominio do templo, cedeu o dereito de uso ao Concello de Mondoñedo, e a veciñanza do barrio de Grove, onde se localiza, encárgase de abrir o templo aos camiñantes, recibilos, atendelos e selarlles a credencial.

Na actualidade, o edificio presenta diversas eivas que deberían ser solucionadas para acadar unha rehabilitación axeitada do mesmo e así a súa total funcionalidade.



Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Mondoñedo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

